



## ANEXO D. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA – AVALIACIÓN FINAL

O Plan de Avaliación ao que están obrigadas as entidades beneficiarias de financiamento inclúe a presentación dun informe anual final .

### DATOS DA/S ENTIDADE/S SOLICITANTE/S

<b>ENTIDADE/ENTIDADES SOLICITANTES</b>	
FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES	
<b>NOME DO PROXECTO</b>	
Proxecto técnico para a mellora da xestión e estado ambiental dos recursos biolóxicos mariños	
<b>RESPONSABLE LEGAL</b>	
TOMÁS FAJARDO DA COSTA FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES	V-15966856
PRESIDENTE	SINATURA
<b>DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN DO PROXECTO</b>	01-07-2016 / 30-06-2017
<b>PERIODO ANUAL CUBERTO POLO INFORME</b>	2016-2017
<b>DATA DE PRESENTACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN</b>	Setembro 2017



## DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.

### **-GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO PROXECTO.**

O obxectivo principal do proxecto persegue acadar unha xestión responsable e sostible dos recursos mariños explotados e dos hábitats costeiros da Comunidade Autónoma Galega, concienciando ao sector de que os recursos que explotan son limitados, e que unicamente a través dunha xestión responsable, tanto por parte dos distintos organismos como do propio sector, acadaremos unha xestión racional.

Por isto a difusión e divulgación de información sobre a boa xestión e explotación dos diferentes recursos pesqueiros e marisqueiros é unha das tarefas diarias realizadas, a fin dunha mellor información e concienciación do sector sobre o estado medioambiental dos recursos e a explotación sustentable dos mesmos.

O obxectivo específico do proxecto consiste no asesoramento e seguimento técnico dende a Federación Galega de Confrarías de Pescadores para a elaboración de novas propostas de plans de xestión das principais especies de interese rexional mediante unha participación activa do sector na súa elaboración e seguimento; no traballo de seguimento das zonas de interese mariño para o sector (reservas mariñas, zonas de cría de organismos, zonas Natura 2000); no asesoramento e información ao sector sobre novas competencias que axuden á xestión dos recursos e dos ecosistemas; nunha labor de sensibilización medioambiental e de protección dos ecosistemas mariños.

Para a consecución deste obxectivo a revisión e análise das distintas propostas e observacións achegadas polo sector (mediante reunións e por escrito), xunto co estudio das novas normativas e/ou actualizacións das mesmas así como datos aportados polas administracións e polo propio sector, fan que dende a Federación Galega se poda levar a cabo o asesoramento técnico ao sector e seguimento dos recursos para a elaboración dos novos plans de xestión e explotación das especies de interese rexional e dos seus hábitats.

Así, a necesidade de asesoramento técnico, de coordinación e de apoio ao sector pesqueiro representado nas Confrarías de Pescadores xustifica esta actuación, e tamén a través da posta en común coa Administración das opinións, observacións e problemas observados polo sector, contribuíndo dunha forma sostible na mellora da xestión dos recursos pesqueiros e polo tanto, dos hábitats costeiros



### **-ACTIVIDADES EXECUTADAS.**

#### **-Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños:**

Revisión da normativa actual, das propostas e observacións realizadas polo sector sobre plan experimental para a xestión do polbo. Participación nas reunións de xestión para a actualización do plan. Seguimento do mesmo e as súas modificacións, análise de capturas e problemáticas no sector ao longo de toda a campaña, resolución de dúbidas ás confrarías de pescadores. Realización de informe sobre a evolución da campaña.

Revisión da normativa actual, das propostas e observacións realizadas polo sector sobre o plan de xestión da centola e boi. Participación nas reunións de xestión para a actualización do plan. Seguimento do plan e as súas modificacións, análise das capturas e das problemáticas no sector ao longo de toda a campaña, resolución de dúbidas ás confrarías de pescadores. Realización de informe sobre a evolución da campaña.

Revisión da normativa actual, das propostas e observacións realizadas polo sector sobre o plan experimental para a xestión da nécora e camarón. Participación nas reunións de xestión para a actualización do plan. Seguimento do plan, análise das capturas e das problemáticas no sector, resolución de dúbidas ás confrarías de pescadores. Realización de informe sobre a evolución da campaña.

Revisión e análise das demais normativas e proxectos relacionadas coa xestión dos recursos, tales como: o plan xeral de explotación marisqueira, o plan de xestión da sardiña para os barcos con arte de xeito, o plan de pesca da anguía, o plan experimental de pesca con trasmallos, o plan de xestión de pesca coas artes de bou de vara e bou de man, o plan de pesca do patexo patulate e conguito, recursos específicos, etc

Información relativa a aperturas e peches das distintas pesqueiras, cotas, estado dos consumos, consultas e problemas de xestión.

Análise e seguimento das normativas, proxectos, borradores e informes relacionadas cos recursos e o sector, tales como as normativas de TAC's e cotas, normativas sobre descartes, PPC, FEMP, proxectos de dictame dos Consellos Consultivos, informes ICES...

Participación na elaboración e realización do "*Proxecto de avaliación da pesqueira do polbo en Galicia*". Recompilación de datos e información, participación en reunións, realización de informes. Preparación e organización do seminario final do proxecto.

Asesoramento técnico no *Seguimento do Plan de Acción no marisqueo*. Recompilación de información sobre o marisqueo, contaminación e furtivismo en Galicia e realización de borrador para o seguimento do plan de acción no marisqueo.



Participación na xestión, reunións, análise de datos e propostas para o plan de xestión da sardiña con arte de xeito. Elaboración das conclusións das diferentes reunións e realización de informe sobre a evolución da pesqueira.

Seguimento, control e análise de datos da pesqueira da xarda. Asesoramento ás federacións provinciais sobre a xestión e control das capturas dos barcos de artes menores. Revisión das cotas e realización de informe sobre a evolución da pesqueira.

Realización e control dos cambios temporais de modalidade de artes de pesca. Realización de informes e estatísticas.

Seguimento dos plans de xestión, resolucións de pesca e informes das reservas mariñas de Cedeira e Lira.

Recompilación de información relativa á contaminación mariña e o seu impacto no medio

Recompilación de información sobre a presenza de especies exóticas invasoras ao longo do litoral galego a fin de detectar o impacto medioambiental sobre as demais especies e hábitats e sobre a actividade pesqueira e marisqueira. Realización de informe sobre as mesmas

Asesoramento técnico, mellora e difusión da información a través de divulgación de contidos sectoriais, resolución de dúbidas e consultas do sector, mediante circulares, reunións, resolucións telefónicas...

#### CRONOGRAMA

216						2017					
Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ

*Todo o traballo indicado lévase a cabo durante todo o ano, agás a xestión da xarda por parte dos barcos de artes menores, o cal se realiza ao longo da campaña de pesca desta especie, a cal este ano se desenrolou por provincias, e abarcou en total dende o 20 de marzo de 2017 ao 12 de abril de 2017.*

#### **-Formación profesional e formación permanente do persoal e asociados da entidade:**

*Participación no taller formativo “necesidades de medidas de recuperación de hábitats mariños costeiros, mantemento y mellora da biodiversidad nas confrarías da provincia de A Coruña”*

*Organización e participación da xornada informativa a cargo de técnicos da Secretaría General de Pesca sobre a normativa de obriga de desembarque (eliminación dos descartes)*

Recompilación das demandas de necesidades formativas do sector. Realización de enquisa ao sector e informe sobre as necesidades formativas do mesmo por confrarías.



Organización de xornada formativa sobre a nova versión do diario electrónico de a bordo (DEA4) para armadores e patróns

Participación nas xornadas de formación no estándar de pesquerías MSC

Participación nos talleres sobre gobernanza, dentro do proxecto “*Setting the scene to reinforce Small-scale fishing in SWWAC area*”, organizado por Quadralia e financiado pola DGMare

Participación na organización e na xornada participativa “*a pesca e o medio mariño no parque nacional Illas Atlánticas de Galicia*” levado a cabo por WWF

Actualización da páxina web da Federación, na que se pode atopar a información redactada. (A actualización lévase a cabo ao longo de todo o ano)

#### GRONOGRAMA

2016						2017					
Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ

#### - RESULTADOS

213 Circulares sectoriais informativas enviadas ao sector

Preparación de documentación e informes utilizados na preparación de reunións sectoriais e na organización e preparación das diferentes xornadas e proxectos realizados, tales como “*Avaliación da pesqueira do polbo con nasa en Galicia*”, “*Seguimento do plan de acción no marisqueo*”, *actualización DEA, información política de descartes, enquisa sobre necesidades formativas, outras xornadas e reunións*

Datos de capturas recollidos do sector e da Administración para o seguimento das pesqueiras e a boa xestión das mesmas

Informes realizados sobre a situación das pesqueiras de interese para o sector

1.121 Informes de cambios temporais de modalidade das diferentes artes de pesca

Tramitación de solicitudes de autorizacións de ámbito sectorial

Reunións sectoriais informativas: reunións polo plan de xestión da sardiña con arte de xeito; reunións por diversas problemáticas sobre aperturas e peches, TAC’s e cotas das especies, etc

Revisión e análise das alegacións e observacións recollidas do sector, para a realización dos novos plans de xestión das especies de interese

Resolución de dúbidas de ámbito sectorial

Asistencia técnica á Federación Galega de Confrarías de Pescadores



### - SOSTIBILIDADE DO PROXECTO

O financiamento público segue sendo necesario para a continuación das actividades postas en marcha así como para o desenvolvemento de novas actividades para a coordinación e apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro, contribuíndo dunha forma sostible na mellora da xestión dos recursos pesqueiros e dos seus hábitats.

### - IMPACTO DO PROXECTO

Dende unha perspectiva económica o proxecto resultou beneficioso non só para a entidade senón para o sector produtivo das confrarías de pescadores pola capacidade técnica do profesional contratado, xa que para unha boa xestión e produción dos recursos é necesario acadar información sobre datos das pesqueiras.

O impacto social acadado repercutiu na mellora do servizo ás confrarías de pescadores a través da coordinación de asistencias técnicas así como a mellora na realización dos informes e circulares que dende a perspectiva do aproveitamento dos recursos se teñen elaborado.

Por outra banda, a participación activa en proxectos de marcado carácter medioambiental e de protección dos recursos por parte da entidade sempre resultaron mais beneficiados co apoio dun profesional titulado en ciencias do mar de categoría superior por parte da Federación Galega de Confrarías.

## DATOS COMPLEMENTARIOS.

### Indicadores de resultado acadados.

PRIORIDADE 1.- Promover pesqueiras sostibles dende o punto de vista do medio ambiente, eficientes no uso dos recursos, innovadoras, competitivas e baseadas no coñecemento			
OE1.b) .- Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos			
INDICADOR DE RESULTADO	MARQUE CUN "X"	VALOR ACADADO	UNIDADE DE MEDIDA
Variación da eficiencia no uso do combustible na pesca			Litros de combustible / toneladas de capturas desembarcadas
Variación da cobertura de zonas "Natura 2000" designadas en virtude das Directivas sobre aves e hábitats			Km <sup>2</sup>
Variación da coberturas de outras medidas de protección espacial indicadas no artigo 13, apartado 4, da Directiva 2008/56/CE			Km <sup>2</sup>